

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIIS E LOS DESERTORES FILMS, AIE PARA O DESENVOLVEMENTO DA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN INTERNACIONAL DA LONGAMETRAXE *SIRAT* COMO CANDIDATA ESPAÑOLA Á 98ª EDICIÓN DOS PREMIOS ÓSCAR

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa Los Desertores Films, AIE o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O financiamento por parte da Agadic dos gastos xerados polo desenvolvemento da campaña de promoción da longametraxe *Sirat* como candidata española á 98ª edición dos Premios Óscar, que leva a cabo Los Desertores Films en 2025, que se desenvolverá ata o mes de decembro de 2025 e que se estrutura como un conxunto coordinado de accións centradas fundamentalmente nas cidades de Nova York, Los Ángeles e Londres coa presenza activa do equipo artístico e técnico da película (director, produtores, actor principal e compositor). A súa participación directa en encontros coa Academia das Artes e das Ciencias Cinematográficas dos Estados Unidos (AMPAS), entrevistas con medios de referencia, proxeccións selectivas, festivais e eventos profesionais, pases cualificadores con sesións Q&A, recepcións sectoriais, actos con gremios profesionais ou espazos de visibilidade como *press days*, é clave para incrementar a notoriedade da obra entre votantes e axentes da industria.

Para reforzar esta presenza e maximizar o seu impacto, desenvolveranse accións complementarias como campañas de prensa internacional, materiais creativos *For Your Consideration* (FYC), publicidade dirixida a profesionais do sector, así como organización de pases cualificadores e envío controlado de *screeners*. Toda a estratexia está deseñada para favorecer o contacto directo entre o talento do filme e os principais prescritesores da industria.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A longametraxe *Sirat*, producida por Los Desertores Films e dirixida polo cineasta galego Oliver Laxe, foi escollida para representar a España nos Premios Óscar 2026 na categoría de Mellor Película Internacional. A obra consolida a traxectoria autoral de Laxe e preséntase como unha viaxe física e espiritual a través do deserto marroquí, un relato sensorial e hipnótico onde se mesturan contrastes culturais, música electrónica e unha estética visual profundamente evocadora.

A promoción internacional da película *Sirat* de cara á súa carreira aos Óscar representa unha oportunidade única para o audiovisual galego, tanto a nivel de visibilidade como de consolidación da súa identidade cultural nun contexto global. Apoiar esta campaña de promoción non só é unha aposta



polo talento e a creatividade do sector galego, senón tamén un acto estratéxico que se alinea directamente cos obxectivos da Agadic en materia de internacionalización, promoción exterior e fortalecemento da industria audiovisual.

Sirat, ao ser seleccionada para representar a España nun percorrido cara aos prestixiosos premios da Academia de Hollywood, sitúa o audiovisual galego nun escenario de máxima proxección. Esta traxectoria non só beneficia aos responsables directos do filme, senón que xera un efecto multiplicador sobre o conxunto do sector, ao abrir portas para futuras coproducións, reforzar a imaxe de Galicia como territorio creativo e atraer interese mediático e profesional cara ao audiovisual galego.

O carácter específico da actuación, a exclusividade da Agrupación como produtora da película *Sirat*, como se desprende do Rexistro de Propiedade Intelectual, así como a inclusión desta actuación na planificación estratéxica da Agadic, evidencian a imposibilidade de promocionar a concorrência pública para o desenvolvemento desta actividade e xustifican a canle da subvención mediante convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

Jacobo Sutil Nesta

Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

